

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de MAIO de 2015**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o martes, 26 de maio de 2015, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 4/15 do 24 de abril.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8001 á nº 10850, de 2015.

### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

3.-Aprobación do convenio co Concello da Coruña para financiar o proxecto “Concilia os teus tempos”. Servizo de canguros municipais 2015.

4.-Aprobación do convenio co Consorcio das Mariñas para financiar o “Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2015”.

### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña do ano 2015.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para o Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural 2015.

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2015.

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Real Federación Española de Fútbol para financiar a realización dun Campus de Fútbol.

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música para financiar o Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2015.

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

10.-Aprobación dos novos modelos de declaración de rexistros de intereses.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio ambiente e Turismo**

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto “Plan de competitividade turística. Ano 2015”.

12.-Aprobación da modificación do convenio entre a Deputación e a Fundación Entreculturas-Fe y Alegría para financiar o proxecto da “Mellora no acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade en tres escolas da rede núm. 1 de Fe y Alegría-Chad”.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas (EXPONAV) para financiar “Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción”.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e Fundación Santiago Rey Fernández Latorre para financiar o proxecto “Voz Natura 2015”.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

15.-Aprobación da modificación da 1ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, pola rectificación do erro apreciado no orzamento de contrata da obra “Pavimentación de Cures e Cesar” do Concello de Boiro (código 2014.3280.0032.0).

16.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Pavimentación e acondicionamento de pista no lugar de Lamas” do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0141.0 e aprobación definitiva da obra.

17.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pavimentación do entorno do cruceiro de Outeiro (Artes)”, do Concello de Ribeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, co código 14.2101.0315.0.

18.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Camiño a Guimaráns (Carcacía) e outro”, do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0158.0 e aprobación definitiva da obra.

19.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Reparación camiño interior de Vigo e outros”, do Concello de Dodro, incluída na 2ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos (Código 2014.3280.0078.0).

20.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Mantemento e reparación na rúa río Eume e outras”, do Concello de Oleiros, incluída na 2ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos (Código 2014.3280.0139.0).

## **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

21.-Dar conta do orzamento da Fundación Axencia Enerxética Provincia A Coruña (FAEPAC) correspondente ao exercicio 2015.

22.-Dar conta da conta xeral do presuposto do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2014.

23.-Dar conta da conta xeral do presuposto da Fundación Axencia Enerxética provincia A Coruña (FAEPAC) correspondente ao exercicio 2014.

24.-Informe sobre a resolución de discrepancias, art. 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

25.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31.03.2015 e proxección a 31.12.2015.

26.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 30.04.2015 e proxección a 31.12.2015.

27.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo.

28.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril.

29.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2015 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

30.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución primeiro trimestre na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

31.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Liquidación do presuposto do exercicio 2014 da Deputación Provincial da Coruña, do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento da Coruña e do estado consolidado.

32.-Fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e dos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2013.

ACTUACION DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE MAIO DE 2015

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de maio de 2015, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSE DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Felicitar a todos aqueles que viron colmadas as súas expectativas, hai algunhas facianas sorrintes e os que non, pois a agardar a outra ocasión.

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 4/15 DO 24 DE ABRIL.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 4/15, do 24 de abril.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8001 Á Nº 10850, DE 2015.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8001 á nº 10850, de 2015.

**3.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”. SERVIZO DE CANGUROS MUNICIPAIS 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de abril de 2015.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña (CIF P1503000J) para financiar o proxecto “*Concilia os teus tempos*” *Servizo de canguros municipais 2015*, cunha achega da Deputación de 80.000 €, que supón unha porcentaxe do 35,03% do orzamento subvencionado que é de 228.387,08 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23122/46201 do orzamento vixente.

3.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao Exercicio de 2016.

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS” SERVIZO DE CANGUROS MUNICIPAIS 2015.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte, D. Carlos Negreira Souto , alcalde presidente do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

É competente a Deputación da Coruña para o previsto no convenio, conforme ao disposto na Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36 e na Lei de admón. local de Galicia, 5/97 arts. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento a administración dos intereses peculiares da provincia sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a dita colaboración.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, a deputación e competente para o apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais.

O servizo de canguros municipais, responde aos obxectivos que formulen leis promulgadas a nivel estatal e autonómico como son: a Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei galega 7/2004 do 16 de xullo, para igualdade de mulleres e homes e a Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, así como a Lei de Galicia 3/2011 do 30 xuño, de apoio á familia e á convivencia.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, co CIF P1503000J, para o financiamento do desenvolvemento das actuacións do programa “Concilia os teus Tempos” durante o ano 2015, que é un servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ( “Servizo de Canguros Municipais”).

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

PROXECTO "CONCILIA OS TEUS TEMPOS"		
CONCEPTO	IMPORTE	
<b>I) Gastos xerais das modalidades do servizo</b>		
Xestión e seguimento do proxecto e relacións coas unidades familiares: <i>Gastos de persoal: Técnica media de Igualdade</i>	<b>41.110,48 €</b>	
<b>II) Gastos específicos de cada modalidade do servizo</b>		
Modalidade de espazos de atención á infancia da carácter colectivo ( E.A.I.): <i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>	<b>114.584,80 €</b>	
Modalidade de atención á infancia a domicilio (AD): <i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>	<b>47.121,25 €</b>	
Modalidade de rede de ludotecas (L): <i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>	<b>25.570,55 €</b>	
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>228.387,08 €</b>	
<b>DETALLE POR ENTE FINANCIADOR</b>		
FONDOS PROPIOS DO CONCELLO DA CORUÑA	<b>148.387,08 €</b>	<b>64,97%</b>
DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA (OBJECTO DO CONVENIO)	<b>80.000,00 €</b>	<b>35,03%</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000 €, o que representa unha porcentaxe de 35,03%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 35,03%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.



2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade disposta no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2015 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederáse ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse dende o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2016**.

2.Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter presentada a xustificación antes do día **31 de maio de 2016**, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2016**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **4.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONSORCIO DAS MARIÑAS PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO ANO 2015”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de abril de 2015.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas (CIF P1500011J) para financiar o *Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2015*” cunha achega da Deputación de 60.000 €, que supón unha porcentaxe do 79,89% do orzamento subvencionado que é de 75.104,64 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/46701 do orzamento vixente.

3.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao Exercicio de 2016.

**“ CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURIDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO 2015.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso.

E doutra parte, o presidente do Consorcio As Mariñas, D. José Antonio Santiso Miramontes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas

### **MANIFESTAN**

Que a Excm. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao abeiro do disposto na Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Consorcio As Mariñas, ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio As Mariñas (CIF P1500011J), para o financiamento dos gastos de persoal (salario e seguridade social) do equipo do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada, que integran dous asesores/as xurídicos, e un auxiliar administrativo.

#### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

O Consorcio As Mariñas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

DATOS POSTO		CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
NOME DO POSTO		SALARIO BASE	PAGO EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A		1.494,47 €	249,08 €	1.743,55 €	571,01 €	2.314,56 €	27.774,72 €
ASESOR/A		1.494,47 €	249,08 €	1.743,55 €	571,01 €	2.314,56 €	27.774,72 €

XURIDICO/A						
AUXILIAR ADMTVO.	1.057,38 €	176,23 €	1.233,61 €	395,99 €	1.629,60 €	19.555,20 €
TOTAL GASTO	4.046,32 €	674,39 €	4.720,71 €	1.538,01 €	6.258,72 €	75.104,64 €

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 79,89% do orzamento subvencionado que ascende a 75.104,64€. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,89 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2015 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Consorcio As Mariñas de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao Consorcio As Mariñas o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.



2. No procedemento de contratación, o Consorcio As Mariñas axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Consorcio As Mariñas tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Rematada completamente a realización da actividade, efectuarase o pagamento a prol do Consorcio As Mariñas, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe previsto na cláusula III sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Consorcio As Mariñas estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA A EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, realizaranse desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2015**.
2. Unha vez realizada a actividade o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **31 de maio de 2016**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Consorcio As Mariñas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidas á Intervención Xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2016**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Para o caso de que o Consorcio As Mariñas, non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2016, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro do ano 2016**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Consorcio As Mariñas perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Consorcio As Mariñas respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA DO ANO 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Porto do Son correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 30.458,24 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña do ano 2015*.**

Na Coruña,

#### **REÚNENSE**

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Don José Luis Oujo Pouso, alcalde-presidente do Concello de Porto do Son, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

## MANIFESTAN

Ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

As deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A Deputación da Coruña é consciente da importancia do labor que desenvolve o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, para a posta en valor dos espazos naturais e a difusión do patrimonio histórico e monumental, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra do Barbanza.

Que, de acordo coas consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son (CIF: P1507200B) para financiar o **Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2015**, coas seguintes áreas e contidos:

#### *Actividades:*

- \* Traballo de campo cos centros de ensino, tanto do concello como de fóra, para que coñezan o que é un Centro de Interpretación e para qué serve.
- \* Visitas guiadas ao Castro de Baroña e aos petróglifos do concello, dirixidas a escolares e grupos de mozos e adultos.
- \* Impulsar o respecto ao patrimonio arqueolóxico e potenciar o comportamento cívico que evite a súa degradación.
  
- \* Exposicións arredor do xacemento castrexo.
- \* Xornadas relacionadas co xacemento castrexo.
  
- \* Presentación de libros e iniciativas culturais.

\* Participación no Itinerario Arqueolóxico Comarcal.

\* Conferencias de expertos relacionados co mundo castrexo e coa arqueoloxía.

*Promoción:*

\* Celebración da Feira Celta 2015.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Porto do Son.**

O Concello de Porto do Son desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal	19.583,24.-
Aluguer de espazos e materiais	3.700,00.-
Material de imprenta e difusión	5.875,00.-
Material non inventariable	1.300,00.-
<b>Total</b>	<b>30.458,24 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **65,663 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,663% da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3331/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Porto do Son obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Corresponderalle ao Concello de Porto do Son o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Porto do Son axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.-O Concello de Porto do Son comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Porto do Son.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Porto do Son do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se ha xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento ( 65,663 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:



\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Porto do Son terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Porto do Son deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Porto do Son para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Porto do Son da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Porto do Son deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Porto do Son destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Porto do Son poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Porto do Son queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Porto do Son serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Porto do Son será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Porto do Son, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Porto do Son, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA-CEIDA PARA O PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) correspondente a unha subvención nominativa por importe de **32.000 €**, para financiar o *Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2015*, cun orzamento de 40.807,03 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o *Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2015*.**

A Coruña,

### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Provincial da Coruña

D. Carlos Vales Vázquez, director xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### **MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 poa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

\* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos ambientais que permita difundir todo tipo de información.

\* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

\* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o *Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2015* que, a través da Deputación de Coruña, pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o ***Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2015***, no que se integran as seguintes actividades:

*a.- Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural.*

Actividades guiadas.

- 1.- O mar e a costa, recursos valiosos para todos.
- 2.- A illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico.

*b.- Xornada de boas prácticas na xestión ambiental municipal.*

*c.- Programa de divulgación ambiental.*

Exposicións itinerantes

- 1.- Coidando o noso mar.
- 2.- O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción.
- 3.- Áreas Mariñas Protexidas.
- 4.- O Patrimonio Marítimo de Galicia.

*d.- Programa de asesoramento e documentación.*

Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Director do programa	9.738,16.-
2 educadoras ambientais	12.176,31.-
Documentalista	7.376,34.-
Administrativa	5.913,03.-
Seguro de accidentes e R.C.	660,00.-
Materiais e servizos	3.000,00.-
Gastos diversos	1.943,19.-
<b>Total gastos</b>	<b>40.807,03 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **32.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,41 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,41% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o CEIDA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o

CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O CEIDA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEIDA serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude do CEIDA, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **7.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación de Escritores en Lingua Galega correspondente á subvención nominativa, por importe de 24.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 30.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2015*”**

A Coruña,

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 434 escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para asociados e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de*

*Escritores en Lingua Galega*, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- Ademais, a AELG conta cun *Espazo Didáctico* no que se ofrece material aos centros educativos; cunha editora virtual *Aelg Editora*, para dar oportunidade de editar aos máis novos; cunha *Aula de escritores*, espazo reservado para a oferta de cursos en liña dirixidos a docentes; co apartado *Literatura na rede*, onde se seleccionan as mellores ligazóns no ámbito literario; cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e coa sección *Palabras na memoria*, que permite aos internautas reportar a existencia de palabras que non figuran nos dicionarios para reinsertalas no acervo lexical da nosa lingua.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: a homenaxe “*O escritor na súa terra*”, dedicada a un autor veterano das nosas letras; a homenaxe “*Os bos e xenerosos*” no que se destaca non só unha traxectoria literaria, senón o compromiso ético coa literatura galega; os *Premios AELG* ás mellores obras literaria do ano.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (NIF: G15039936) para financiar o ***Programa de actividades culturais no ano 2015***.

Nestas actividades inclúense as seguintes actuacións:

- Polafía en Ponteceso.
- Gravacións de vídeo dos socios-as para o “Centro de documentación” da web da AELG
- Elaboración por parte de socios-as da AELG e xeorreferenciación de roteiros literarios pola provincia para a sección “Territorio Escritor/a”
- Asesoría laboral e fiscal
- Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as
- Servizo de información (Axenda Cultural)
- Escola de escritoras e escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Polafía en Ponteceso	5.690,41
Gravacións de vídeo dos socios-as da AELG residentes na	5.055,33

provincia da Coruña. Edición e subida á web.	
Subida novo roteiro literario na provincia da Coruña á sección “ O Territorio Escritor/a”	2.275,00
Asesoría laboral e fiscal	2.961,00
Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as	6.000,00
Servizo de actualización permanente da Axenda Cultural da AELG	6.000,00
Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña	2.018,26
<b>TOTAL</b>	<b>30.000,00</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **24.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Escritores en Lingua Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación de Escritores en Lingua Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Escritores en Lingua Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Escritores en Lingua Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, na o que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Escritores en Lingua Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Escritores en Lingua Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Escritores en Lingua Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se

atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Escritores en Lingua Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Escritores en Lingua Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Escritores en Lingua Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, do subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento..”

#### **8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DUN CAMPUS DE FÚTBOL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Así mesmo, exceptuar a limitación establecida nas Bases para a execución do presuposto ( base 51ª-3), polo que se refire ao número mínimo de socios ou partícipes das entidades privadas, xa que se trata de unha Fundación.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Real Federación Española de Fútbol correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000€, concedida para financiar a realización dun Campus de Fútbol, cun orzamento subvencionado de 45.000€, de acordo co texto que se achega.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Real Federación Española de Fútbol para financiar a realización dun Campus de Fútbol.**

A Coruña,

### REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Jorge Juan Pérez Arias, secretario xeral da Fundación Real Federación Española de Fútbol

### MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** (CIF:G83947994) para financiar a organización, realización e coordinación dun Campus de Fútbol, que se celebrará no mes de xullo de 2015, dirixido a 120 mozos da provincia.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Real Federación Española de Fútbol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Equipacións deportivas	7.500,00 €
Salarios, manutención e desprazamentos adestradores	10.000,00 €
Valoración antropométrica	2.500,00 €
Salarios, manutención e desprazamentos monitores	8.000,00 €
Fotografías recordo	1.100,00 €
Folletos, diploma e avaliacións	500,00 €
Seguro accidentes deportivos	600,00 €
Publicidade e propaganda	3.500,00 €
Desprazamento material para a actividade	1.800,00 €
Actividades de Ocio e tempo libre (material para a actividade complementaria)	2.500,00 €
Dirección e posta en marcha	2.000,00 €
Gastos xerais da actividade (gastos de persoal da fundación)	5.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>45.000,00 €</b>

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000€, o que representa unha porcentaxe do 55,56%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,56%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Fundación Real Federación Española de Fútbol**

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** xustificativa do

cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade -campus de fútbol-. Con cargo a dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, rematarán o 30 de setembro **de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **30 de novembro de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de



subvencións e na base 59.2ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. A **Fundación Real Federación Española de Fútbol** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. A **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Real Federación Española de Fútbol, serán remitidas á

Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2015**.

2.- Previa solicitude da **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA NO 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio co Consorcio para la Promoción de la Música correspondente á subvención nominativa, por importe de 1.500.000 €, concedida para o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2015*, cun orzamento subvencionado de 2.050.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- *Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.*

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música para financiar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2015*.**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e  
D. Carlos Negreira Souto, presidente do Consorcio para la Promoción de la Música.

#### **EXPOÑEN**

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consorcio para la Promoción de la Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para la Promoción de la Música ten por obxecto, entre outros, difundir a música mediante actuacións da Orquesta Sinfónica de Galicia e promover toda clase de actividades musicais: sinfónicas, operísticas, corais, sinfónico-corais,

camerísticas, recitais, etc., a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.

Así mesmo, o Consorcio organiza concertos didácticos e xestiona a Escola Municipal de Música.

**3-** Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

**4.-** Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para la Promoción de la Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2015.

**5.-** Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música (CIF-P6503001G) para financiar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2015*, que se indican a continuación:

Actividades ordinarias xaneiro-outubro 2015

\* *Temporada de aboamento da OSG na Coruña: 15 concertos do aboamento venres e 7 concertos do aboamento sábado.*

\* *Xiras na provincia da Coruña: 2 concertos en Santiago e 5 en Ferrol.*

\* *Actividades da Orquesta Xoven e a Orquesta de Nenos na provincia da Coruña.*

\* *Actividades do Coro da OSG na Coruña.*

\* *Proxecto didáctico: 14 actividades entre concertos en familia, oferta de placas para colexios da provincia da Coruña.*

\* *Ciclo de Cámara de A Coruña: 5 concertos*

\* *Festival Jazzatlántica: 3 concertos*

\* *Concertos gratuítos en María Pita*

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Consorcio para la Promoción de la Música.

O Consorcio para la Promoción de la Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Temporada de aboamento da OSG na Coruña	1.420.000.-
Xiras na provincia da Coruña	30.000.-
Actividades da Orquesta Xoven e a Orquesta de Nenos	180.000.-
Actividades do Coro da OSG na Coruña	160.000.-
Proxecto didáctico	60.000.-
Ciclo de Cámara da Coruña	50.000.-

Festival Jazzatlántica	40.000.-
Concertos gratuítos en María Pita	110.000.-
<b>Total</b>	<b>2.050.000 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 73,1707 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,1707 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para la Promoción de la Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para la Promoción de la Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao Consorcio para la Promoción de la Música, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as *actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2015*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para la Promoción de la Música.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio para la Promoción de la Música do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 80% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo de acreditarse a presentación da seguinte documentación:

\* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2014.

\* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2015**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

\* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

*Segundo prazo*, por importe do 20% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Relación** clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio para la Promoción de la Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para la Promoción de la Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para la Promoción de la Música.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio para la Promoción de la Música terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.



### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O Consorcio para la Promoción de la Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Consorcio para la Promoción de la Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para la Promoción de la Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para la Promoción de la Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es).

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para la Promoción de la Música, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **10.- APROBACIÓN DOS NOVOS MODELOS DE DECLARACIÓN DE REXISTROS DE INTERESES.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“En sesión plenaria do 6 de xuño de 1991 foron aprobados por primeira vez na Deputación Provincial da Coruña os modelos das declaracións do “Rexistros de Intereses dos Deputados e Deputadas”, consonte co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [LBRL]. As modificacións introducidas nesta materia polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo

que se aprobou o Texto refundido da lei do solo, determinaron que o Pleno da Deputación, en sesión do 31 de xullo de 2009, créase o Rexistro de Intereses do Persoal Directivo e o Rexistro Especial de Bens Patrimoniais, aprobando os respectivos modelos e modificando os do Rexistro de Intereses dos Deputados e Deputadas xa existentes. As novas exixencias de transparencia, contidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como a necesidade de conciliar a publicidade coas garantías de privacidade e seguridade, por unha banda, e de introducir claridade nalgúns apartados das declaracións, por outra banda, aconsellan a aprobación de novos modelos de declaración máis precisos e actualizados.

En consecuencia, en virtude do disposto no artigo 75.7 e disposición adicional décimo quinta LBRL, acórdase:

1. – Aprobar o novo modelo de declaración do “Rexistro de Intereses dos Deputados e Deputadas”, tal como figura no anexo I deste acordo. O novo modelo comezará a utilizarse a partir da primeira declaración que deban efectuar os deputados provinciais electos como resultado das eleccións locais do 24 de maio de 2015, manténdose para os deputados que integran a actual Corporación os modelos anteriores.
- 2.- – Aprobar o novo modelo de declaración do “Rexistro de Intereses do Persoal Directivo”, tal como figura no anexo II deste acordo, e o novo modelo do “Rexistro Especial de Bens Patrimoniais” contido no anexo III. Estes modelos utilizaranse na primeira declaración que teñan que facer os suxeitos obrigados, como consecuencia da toma de posesión, cesamento ou modificación das declaracións xa efectuadas.

**ANEXO I**

REGISTRO DE INTERESES DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS

MODELO DE DECLARACIÓN



SECRETARÍA XERAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

REXISTRO DE INTERESES DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS  
SECCIÓN A) INCOMPATIBILIDADES E ACTIVIDADES\*

TOMA DE POSESIÓN       CESAMENTO       MODIFICACIÓN

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome	NIF	Teléfono
	Domicilio/Poboación	

1.- CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE

NON lle afectan ningunha das causas de inelexibilidade dispostas no artigo 6º da Lei orgánica do réxime electoral xeral (Lei O. 5/85, do 19 de xuño)

NON é debedor/a directo/a ou subsidiario/a da Deputación da Coruña contra o/a que se expedira mandamento de constrinximento por resolución firme (artigo 177 de LOREX)

NON é avogado/a ou procurador/a que dirixa ou represente a partes en procedementos xudiciais ou administrativos contra a Corporación (artigo 178.2.a) da LOREX)

NON é director/a de Servizos, funcionario/a nin outro tipo de persoal en activo da Deputación da Coruña, nin de entidades ou establecementos dependentes dela (artigo 178.2.b) da LOREX)

NON é director/a xeral ou asimilado/a das caixas de aforro provinciais e locais que actúan no termo municipal (artigo 178.2.c) da LOREX)

NON é contratista nin subcontratista de contratos financiados en todo ou en parte pola Deputación da Coruña ou por establecementos dependentes dela (artigo 178.2.d) da LOREX).

NON foi elixido/a en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme nin foi elixido/a en candidatura presentada por agrupación de electores declaradas e vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme (artigo 178.2.e) da LOREX)

DECLARACIÓN En caso de producirse causa de incompatibilidade co cargo de deputado/a, durante o mandato, comprométome a poñela en coñecemento da Corporación de forma inmediata.

## 2.- ACTIVIDADES

### A) TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, ENTIDADES, EMPRESAS PÚBLICAS OU PRIVADAS

Denominación da entidade	Cargo ou categoría	Observacións

### B) EXERCICIO DE PROFESIÓN LIBERAIS

Colexio profesional ao que pertence	Nº Colexiado/a	Enderezo do despacho, consulta, gabinete ou estudio

### C) OUTRAS ACTIVIDADES QUE LLE PROPORCIONEN OU Poidan PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

	Datos que afecten á privacidade e seguridade do/a declarante
--	--



DECLARACIÓN En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/85 do 2 de abril, e no acordo plenario do 6 de xuño de 1991 o/a deputado/a que asina abaixo formula a presente declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, manifestando baixo a súa responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesta, que se compromete a prestar nova declaración con ocasión do cesamento de deputado/a ou cando se modifiquen as circunstancias de feito.

A Coruña,

O/A DECLARANTE

Perante min  
O SECRETARIO XERAL

-----  
\* Os datos consignados nas zonas sombreadas non serán obxecto de publicación para garantir a privacidade e seguridade do/a declarante



DEPUTACIÓN PROVINCIAL

SECRETARÍA XERAL

DA CORUÑA

REXISTRO DE INTERESES DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS  
SECCIÓN B) BENS PATRIMONIAIS\*

TOMA DE POSESIÓN       CESAMENTO       MODIFICACIÓN

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome	NIF	Teléfono
	Domicilio/Poboación	

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO  
INMOBLES E DEREITOS REAIS

Descrición (casa, piso, finca, praza de garaxe, usufruto, etc.)	Data de adquisición Valor catastral	Emprazamento	Inscripción rexistral

2.- AUTOMÓBILES, EMBARCACIÓNS E OUTROS  
VEHÍCULOS PROPIEDAD DE DO/A DECLARANTE

Clase	Marca e modelo	Ano de matriculación	Matrícula	Observacións

**3.- DEPÓSITOS EN CONTAS CORRENTES E DE AFORRO**

3.1 CONTAS CORRENTES		
Saldo medio	Entidade financeira	Número de conta
3.2 CONTAS DE AFORRO E DEPÓSITOS A PRAZO		
Saldo	Entidade financeira	Número de conta

**4.- PRÉSTAMOS E OBRIGAS FINANCEIRAS**

Tipo de préstamo (persoal, hipotecario, etc.)	Contía inicial	Saldo pendente	Entidade

5.- PATRIMONIO MOBILIARIO

Clase de títulos (acciones, seguros de vida, plans de pensiones, etc.)	Número	Valor	Entidade emisora

6.- XOIAS E OBXECTOS ARTÍSTICOS DE ESPECIAL VALOR

Descrición	Data de adquisición	Prezo de adquisición	Observacións

7.- PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DAS SOCIEDADES PARTICIPADAS

Nome da sociedade	Porcentaxe de participación	Observacións

8.- OUTROS BENS OU DEREITOS NON INCLÚIDOS NOS APARTADOS ANTERIORES

--	--

9.- INFORMACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS DOS IMPOSTOS SOBRE A RENDA, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES.

<p>ACHEGA FOTOCOPIA DE:</p> <p><input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES</p> <p>MANIFESTA QUE NON TEN OBRIGA DE DECLARAR NO:</p> <p><input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE A RENDA <input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO <input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES</p>	
--	--

**DECLARACIÓN** En cumprimento do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, formulo a presente declaración de bens, manifestando baixo a miña responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesto que me comprometo a prestar nova declaración con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito, así como a actualización anual dos datos relativos á liquidación dos impostos do apartado 9.

A Coruña,

O/A DECLARANTE

Perante min  
SECRETARIO XERAL

-----  
\* Os datos consignados nas zonas sombreadas non serán obxecto de publicación para garantir a privacidade e seguridade do/a declarante

ANEXO II  
REGISTRO DE INTERESES DO PERSOAL DIRECTIVO  
MODELO DE DECLARACIÓN



SECRETARÍA XERAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

REGISTRO DE INTERESES DO PERSOAL DIRECTIVO  
SECCIÓN A) INCOMPATIBILIDADES E ACTIVIDADES\*

TOMA DE POSESIÓN       CESAMENTO       MODIFICACIÓN

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome	NIF	Teléfono
Posto que ocupa	Domicilio/Poboación	

1.- CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE

DECLARO Que coñezo o disposto na disposición adicional décimo quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do teor literal seguinte:

“Réxime de incompatibilidades e declaracións de actividades e bens dos directivos locais e outro persoal ao servizo das entidades locais.

1. Os titulares dos órganos directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

No entanto, seranlles de aplicación as limitacións ao exercicio de actividades privadas establecidas no artigo 8 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno e dos altos cargos da administración xeral do Estado, nos termos en que establece o artigo 75.8 desta lei.

Para estes efectos, terán a consideración de persoal directivo os titulares de órganos que exerzan funcións de xestión ou execución de carácter superior, axustándose ás directrices xerais fixadas polo órgano de goberno da Corporación, adoptando para o efecto as decisións oportunas e dispendo para iso dunha marxe de autonomía, dentro desas directrices xerais.

2. O réxime previsto no artigo 75.7 desta lei será de aplicación ao persoal directivo local e aos funcionarios das corporacións locais con habilitación de carácter estatal que, conforme co establecido no artigo 5.2 da disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, desempeñen nas entidades locais postos que sexan provistos mediante libre designación en atención ao carácter directivo das súas funcións ou á especial responsabilidade que asuman”

DECLARACIÓN No caso de producirse causa de incompatibilidade co cargo de deputado/a, durante o mandato, comprométome a poñela en coñecemento da Corporación de forma inmediata.



## 2.- ACTIVIDADES

### A) TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, ENTIDADES, EMPRESAS PÚBLICAS OU PRIVADAS

Denominación da entidade	Cargo ou categoría	Observacións

### B) EXERCICIO DE PROFESIÓN LIBERAIS

Colexio profesional ao que pertence	Nº Colexiado	Enderezo do despacho, consulta, gabinete ou estudio

### C) OUTRAS ACTIVIDADES QUE LLE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

	Datos que afecten á privacidade e seguridade do declarante
--	--

DECLARACIÓN En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/85 do 2 de abril, e no acordo plenario do 6 de xuño de 1991 o/a deputado/a que asina abaixo formula a presente declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, manifestando baixo a súa responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesta, que se compromete a prestar nova declaración con ocasión do cesamento de deputado/a ou cando se modifiquen as circunstancias de feito.

A Coruña,

O/A DECLARANTE

Perante min  
O SECRETARIO XERAL

-----  
\* Os datos consignados nas zonas sombreadas non serán obxecto de publicación para garantir a privacidade e seguridade do declarante



SECRETARÍA XERAL

REGISTRO DE INTERESES DO PERSOAL DIRECTIVO  
SECCIÓN B) BENS PATRIMONIAIS\*

TOMA DE POSESIÓN       CESAMENTO       MODIFICACIÓN

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome	NIF	Teléfono
Posto que ocupa	Domicilio/Poboación	

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO  
INMOBLES E DEREITOS REAIS

Descrición (casa, piso, finca, praza de garaxe, usufruto, etc.)	Data de adquisición Valor catastral	Emprazamento	Inscripción rexistral

2.- AUTOMÓBILES, EMBARCACIÓNS E OUTROS  
VEHÍCULOS PROPIEDAD DO DECLARANTE

Clase	Marca e modelo	Ano de matriculación	Matrícula	Observacións

**3.- DEPÓSITOS EN CONTAS CORRENTES E DE AFORRO**

3.1 CONTAS CORRENTES		
Saldo medio	Entidade financeira	Número de conta
3.2 CONTAS DE AFORRO E DEPÓSITOS A PRAZO		
Saldo	Entidade financeira	Número de conta

**4.- PRÉSTAMOS E OBRIGAS FINANCEIRAS**

Tipo de préstamo (persoal, hipotecario, etc.)	Contía inicial	Saldo pendente	Entidade

5.- PATRIMONIO MOBILIARIO

Clase de títulos (acciones, seguros de vida, plans de pensiones, etc.)	Número	Valor	Entidade emisora

6.- XOIAS E OBXECTOS ARTÍSTICOS DE ESPECIAL VALOR

Descrición	Data de adquisición	Prezo de adquisición	Observacións

7.- PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DAS SOCIEDADES PARTICIPADAS

Nome da sociedade	Porcentaxe de participación	Observacións

8.- OUTROS BENS OU DEREITOS NON INCLUÍDOS NOS APARTADOS ANTERIORES

--	--

9.- INFORMACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS DOS IMPOSTOS SOBRE A RENDA, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES.

<p>ACHEGA FOTOCOPIA DE:</p> <p><input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES</p> <p>MANIFESTA QUE NON TEN OBRIGA DE DECLARAR NO:</p> <p><input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE A RENDA <input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO <input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES</p>	
--	--

**DECLARACIÓN** En cumprimento do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, formulo a presente declaración de bens, manifestando baixo a miña responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesto que me comprometo a prestar nova declaración con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito, así como a actualización anual dos datos relativos á liquidación dos impostos do apartado 9.

A Coruña,

O/A DECLARANTE

Perante min  
O SECRETARIO XERAL

-----  
\* Os datos consignados nas zonas sombreadas non serán obxecto de publicación para garantir a privacidade e seguridade do declarante

ANEXO III  
REXISTRO ESPECIAL DE BENS PATRIMONIAIS  
MODELO DE DECLARACIÓN



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

SECRETARÍA XERAL

REXISTRO ESPECIAL DE BENS PATRIMONIAIS\*  
art. 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril

TOMA DE POSESIÓN       CESAMENTO       MODIFICACIÓN

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome	NIF	Teléfono
Cargo que ocupa	Domicilio/Poboación	

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO  
INMOBLES E DEREITOS REAIS

Descrición (casa, piso, predio, praza de garaxe, usufruto, etc.)	Data de adquisición Valor catastral	Emprazamento	Inscripción rexistral

2.- AUTOMÓBILES, EMBARCACIÓNS E OUTROS  
VEHÍCULOS PROPIEDAD DO DECLARANTE

Clase	Marca e modelo	Ano de matriculación	Matrícula	Observacións



**3.- DEPÓSITOS EN CONTAS CORRENTES E DE AFORRO**

3.1 CONTAS CORRENTES		
Saldo medio	Entidade financeira	Número de conta
3.2 CONTAS DE AFORRO E DEPÓSITOS A PRAZO		
Saldo	Entidade financeira	Número de conta

**4.- PRÉSTAMOS E OBRIGAS FINANCEIRAS**

Tipo de préstamo (persoal, hipotecario, etc.)	Contía inicial	Saldo pendente	Entidade

5.- PATRIMONIO MOBILIARIO

Clase de títulos (acciones, seguros de vida, planes de pensiones, etc.)	Número	Valor	Entidade emisora

6.- XOIAS E OBOECTOS ARTÍSTICOS DE ESPECIAL VALOR

Descrición	Data de adquisición	Prezo de adquisición	Observacións

7.- PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DAS SOCIEDADES PARTICIPADAS

Nome da sociedade	Porcentaxe de participación	Observacións

8.- OUTROS BENS OU DEREITOS NON INCLÚIDOS NOS APARTADOS ANTERIORES

--	--

9.- INFORMACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS DOS IMPOSTOS SOBRE A RENDA, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES.

<p>ACHEGA FOTOCOPIA DE:</p> <p><input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES</p> <p>MANIFESTA QUE NON TEN OBRIGA DE DECLARAR NO:</p> <p><input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE A RENDA <input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO <input type="checkbox"/> IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES</p>	
--	--

**DECLARACIÓN** En cumprimento do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, formulo a presente declaración de bens, manifestando baixo a miña responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesto que me comprometo a prestar nova declaración con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito, así como a actualización anual dos datos relativos á liquidación dos impostos do apartado 9.

A Coruña,

O/A DECLARANTE

Perante min  
O SECRETARIO XERAL

-----  
\* Os datos consignados nas zonas sombreadas non serán obxecto de publicación para garantir a privacidade e seguridade do declarante"

**11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA. AÑO 2015”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2015.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol con CIF P1503700E para financiar as actividades do Plan de competitividade turística do ano 2015”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 85.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432.1/462.01 prevista no vixente orzamento provincial.

5.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a CONCELLO DE FERROL

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Manuel Rey Varela, con DNI núm. 32674975W, en representación do CONCELLO DE FERROL

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL consideran de grande interese para a provincia potenciar e promocionar a cidade de Ferrol como destino turístico a través de material promocional, así como a súa promoción nos distintos mercados turísticos. Coa finalidade de concienciar sobre a importancia da formación no sector turístico levaranse a cabo xornadas e impartición de obradoiros dirixidos a profesionais na materia, así como dar a coñecer a gastronomía e dinamizar a hostalería na cidade.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE FERROL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE FERROL, CIF P1503700E, para o financiamento do "Plan de competitividade turística. Ano 2015".

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE FERROL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Accións encamiñadas á promoción do destino	40.000,00 €
Material promocional (merchandising e folletos)	20.000,00 €
Reimpresión de folletos turísticos de Ferrol, pósters e de bolsas para folletos	
Libro de fotografías turísticas de Ferrol	
Consolidación de produtos turísticos	18.250,00 €
Plan formativo sector turístico	15.000,00 €
Celebración do II Foro de Turismo de Ferrol	
Proxecto turismo gastronómico	13.000,00 €
Celebración do Concurso de Tapas Tapéate Ferrol en novembro	
<b>TOTAL</b>	<b>106.250,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 85.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a

- recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
  3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
  4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
  5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE FERROL o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE FERROL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE FERROL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE FERROL.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE FERROL, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE FERROL estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE FERROL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

ao CONCELLO DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FERROL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE FERROL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE FERROL poderá ser escollida



pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo e para os efectos de imputación dos gastos abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE FERROL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE FERROL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE FERROL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do CONCELLO  
DE FERROL

DON DIEGO CALVO POUSSO

**12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN ENTRECULTURAS-FE Y ALEGRÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO DA “MELLORA NO ACCESO A UNHAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS DE CALIDADE EN TRES ESCOLAS DA REDE NÚM. 1 DE FE Y ALEGRÍA-CHAD”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar a cláusula 1ª do convenio 332/2014, subscrito coa *Fundación Entreculturas – Fe y Alegría*, que foi aprobado polo Pleno Corporativo do 19.12.2014, para colaborar no financiamento do proxecto “Mellora no acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade en 3 escolas da Rede núm. 1 de Fe y Alegría-Chad”, no sentido seguinte:

- Onde di: “Construción dun bloque de 3 aulas, con despacho para o director, na comunidade de **Tchelati**”

- Debe dicir: “Construción dun bloque de 3 aulas, con despacho para o director, na comunidade de **Mongo**”

Manter inalterable o orzamento subvencionado previsto na cláusula 2ª, así como o resto do clausulado do convenio.”

**13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) PARA FINANCIAR “GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DA FUNDACIÓN E DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2015.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES

MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto “Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 125.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333.1/481

6.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTOS DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

A Coruña,

#### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Manuel Garat Caramé, con DNI núm. 32620748 D, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para el Fomento do Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas EXPONAV consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, para o financiamento das “Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval”

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Atención ao visitante e guías do museo	45.000,00 €
Mantemento	15.000,00 €
Externalización de servizos	35.000,00 €
Adecuación da Sala de Exposicións “ Carlos III”	10.000,00 €
Administración e Asesorías	15.000,00 €
Material de oficina e consumibles	7.500,00 €
Becas e axuda ao estudo	11.000,00 €
Publicidade	2.750,00 €
Organización de exposicións e eventos	5.000,00 €
Ampliación e remodelación de material expositivo	10.000,00 €
TOTAL	156.250,00 €

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 125.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), en dous pagos unha vez que se presente a seguinte documentación en dúas xustificacións nas que se deberá incorporar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas

de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 1 de agosto de 2015 ata o 31 de xullo de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL



CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCION CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de agosto do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2016, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2016.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de agosto de 2016 deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FUNDACIÓN  
PARA EL FOMENTO DEL  
CONOCIMIENTO DE LA  
CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE  
LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS  
(EXPONAV),

DON DIEGO CALVO POUZO”

#### **14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE PARA FINANCIAR O PROXECTO “VOZ NATURA 2015”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2015.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.-Aprobar o convenio de colaboración coa “FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE”, CIF G-15620651, para o financiamento do proxecto “VOZ NATURA 2015”, cuxo orzamento estimado de gastos relativos á provincia da Coruña ascende a 144.223,00 €, cunha achega de 72.000,00 €, que supón un coeficiente de financiamento do 49,9227 %.

4º. Imputar a achega provincial ao documento contable RC núm. De operación d220150000091, do 19.01.2015, da partida 0520/17221/481, do vixente orzamento xeral para 2015.

5º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

6º Facultar ao sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VOZ NATURA 2015”

A Coruña, .... de ..... de 2015

### REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña. Doutra parte, o Sr. D. Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE. Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación encamiñanse á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor realízase nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e concrétase en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é o de “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade.

A Deputación da Coruña vén colaborando no cofinanciamento do proxecto “VOZ NATURA” dende hai anos. Na Base 50ª.5 do orzamento xeral para 2015 figura unha achega nominativa coa citada finalidade.

### CLÁUSULAS

#### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre”, para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2015”.

#### II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á provincia da Coruña ascende a 144.223,00 €, e ten o seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios (compra material funxible: sementes, fertilizantes, ...)	61.000,00 €
Material de promoción para os alumnos participantes (cartelería, pegatinas, ...)	1.156,00 €
Material de oficina, envíos e similares relacionados co proxecto	2.490,00 €
Premios VOZ NATURA e festa de fin de curso (alugueiro material, voluntariados, ...)	19.411,00 €
Asistencia técnico-ambiental a proxectos dos colexios (gastos de persoal)	11.310,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.428,00 €
Coordinación e seguimento (gastos de persoal)	41.713,00 €
Plan de comunicación (servizos contratados)	3.715,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>144.223,00 €</b>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,9227 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,9227 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES

contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

#### IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.



3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

#### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo e para os efectos de imputación dos gastos abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2016.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de xaneiro do 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
  2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
  3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_
- E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN  
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-  
LATORRE

D. DIEGO CALVO POUSO

D. SANTIAGO PÉREZ OTERO

**15.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, POLA RECTIFICACIÓN DO ERRO APRECIADO NO ORZAMENTO DE CONTRATA DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE CURES E CESAR” DO CONCELLO DE BOIRO (CÓDIGO 2014.3280.0032.0).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases modificadas reguladoras do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 28 de marzo de 2014 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia número 62 do 1 de abril de 2014.

Visto o acordo do Pleno provincial, do 27 de xuño de 2014, polo que se aprobou a 1ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos, que foi publicado no BOP número 124 do 2 de xullo de 2014, en relación coa Resolución de Presidencia número 17850 do 12/09/2014 pola que se consideraron definitivamente aprobadas as fases 1ª e 2ª e derradeira do Plan DTC 93.

Logo de ver o acordo plenario do Concello de Boiro, do 7 de maio de 2015, no que se corrixe o erro apreciado no orzamento de contrata da obra “Pavimento de Cures e Cesar” do Concello de Boiro, onde se indicou erroneamente a cantidade de 115.170,95 euros, dentro da 1ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos, cando a cantidade correcta era de 115.070,95 euros.

1º) Aprobar a modificación da 1ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos, co motivo de corrixir o erro apreciado no orzamento de contrata da obra “Pavimento de Cures e Cesar” do Concello de Boiro, cuxo importe correcto é de 115.070,95 euros.

Con esta modificación, o resumo de cifras globais dos distintos apartados previstos na base 2 nos que se estruturaba a 1ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos, é o que se indica a continuación, e a relación de actuacións unha vez realizada a corrección sinalada no orzamento da referida obra é o que figura no a [anexo I](#) a este acordo: anexo I para as obras e subministracións.

<b>1ª FASE ANUALIDADE 2014 con 25 concellos PLAN DTC- 93 “Unha deputación para todos os concellos</b>			
<b>APARTADO</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS (Anexo I)	3.901.823,50	47.821,36	3.949.644,86
B) ACHEGAS MUNICIPAIS	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL 1ª FASE PLAN DTC 93</b>	<b>3.901.823,50</b>	<b>47.821,36</b>	<b>3.949.644,86</b>

[O anexo III](#) no que se inclúen as actuacións solicitadas polos concellos dentro do Plan complementario non varía.

2º) Tendo en conta o sinalado, o resumo total de datos de financiamento deste Plan correspondentes ás fases 1ª e 2ª-derradeira, é o que se indica a continuación:

<b>ANUALIDADE 2014</b>			
<b>PLAN DTC- 93 “Unha deputación para todos os concellos Anualidade 2014</b>			
<b>APARTADO</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS (Anexo I)	17.755.592,86	537.440,91	18.293.033,77
B) ACHEGAS MUNICIPAIS	240.939,39	0,00	240.939,39
<b>TOTAL PLAN DTC 93</b>	<b>17.996.532,25</b>	<b>537.440,91</b>	<b>18.533.973,16</b>

3º) Dispoñer a exposición pública desta modificación mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

4º) Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez transcorra o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

**DTC 93**

**Expediente de aprobación da modificación da 1ª fase da anualidade 2014 do DTC 93 "Unha deputación para todos os concellos"**

**ANEXO I: obras e subministracións**

Concello	Denominación	Deputación	Concello	Total	Programa presupostario	vías públicas	saneamento	estradas	camiños veciñais
						155	161	453	454
<b>AMES</b>	REPARACION CAMINO CRUCE DE VENTIN-MILLADOIRO	63.253,11	0,00	63.253,11	453			63.253,11	
	REPARACION CAMINO MAMOA A PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E OUTROS	30.422,95	0,00	30.422,95	454				30.422,95
	REPARACION CAMINO PARALELO A CAMPO DE FUTBOL DE BERTAMIRANS CARA CASTRIGO E OUTROS	35.298,62	0,00	35.298,62	454				35.298,62
	REPARACION CAMINO PIÑOR A AGAREA	45.695,19	0,00	45.695,19	454				45.695,19
	REPARACION CAMINO PONTE LAPIDO A TARROEIRA (ORTOÑO) E OUTROS	36.777,94	0,00	36.777,94	454				36.777,94
	REPARACION RUA DO PEDREGAL A ROTONDA POETA DA MAHÍA (BERTAMIRÁNS)	66.322,97	0,00	66.322,97	155	66.322,97			
	<b>TOTAL</b>	<b>277.770,78</b>	<b>0,00</b>	<b>277.770,78</b>					
<b>BOIRO</b>	PAVIMENTO DE CURES E CESAR	97.608,48	17.462,47	115.070,95	453			97.608,48	
	PAVIMENTO DE PAZO VELLO, ABANQUEIRO E BANDAORRÍO	68.058,67	12.245,65	80.304,32	453			68.058,67	
	PAVIMENTOS DE TRIÑÁNS, NINE, COÍDO, SAN ROQUE E PONTE GOIÁNS	56.005,49	10.076,94	66.082,43	453			56.005,49	
	<b>TOTAL</b>	<b>221.672,64</b>	<b>39.785,06</b>	<b>261.457,70</b>					
<b>BRION</b>	PROXECTO DE MANTEMENTO DE DIVERSAS PISTAS RURAIS	156.099,98	0,00	156.099,98	155	156.099,98			

	DISTRIBUIDAS POLA TOTALIDADE DO TERMO MUNICIPAL DE BRIÓN								
	<b>TOTAL</b>	<b>156.099,98</b>	<b>0,00</b>	<b>156.099,98</b>					
<b>A CAPELA</b>	PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS A BARBELA-AC 121	70.139,40	0,00	70.139,40	155	70.139,40			
	PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS A PORTA-SAN BOULO E OUTROS	32.866,20	0,00	32.866,20	155	32.866,20			
	<b>TOTAL</b>	<b>103.005,60</b>	<b>0,00</b>	<b>103.005,60</b>					
<b>CARNOTA</b>	SANEAMENTO E PLUVIAIS EN PANCHES	124.214,60	0,00	124.214,60	161		124.214,60		
	<b>TOTAL</b>	<b>124.214,60</b>	<b>0,00</b>	<b>124.214,60</b>					
<b>CARRAL</b>	OBRA: PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE CAÑÁS E PALEO. CONCELLO DE CARRAL	130.164,41	0,00	130.164,41	453			130.164,41	
	<b>TOTAL</b>	<b>130.164,41</b>	<b>0,00</b>	<b>130.164,41</b>					
<b>CERCEDA</b>	REPARACION BEIRARRUAS NA SILVA E OUTROS	70.711,58	0,00	70.711,58	453			70.711,58	
	REPARACION DE CAMIÑO DE SEIXAS A ASTANDE (QUEIXAS) E OUTROS	80.356,56	0,00	80.356,56	453			80.356,56	
	REPARACION RUA POLIGONO	52.642,42	0,00	52.642,42	453			52.642,42	
	<b>TOTAL</b>	<b>203.710,56</b>	<b>0,00</b>	<b>203.710,56</b>					
<b>CERDIDO</b>	REPARACIÓN CAMIÑO O PORTO-SUSLOUREIROS-POZADAUGA (A BARQUEIRA)	90.078,00	0,00	90.078,00	155	90.078,00			
	<b>TOTAL</b>	<b>90.078,00</b>	<b>0,00</b>	<b>90.078,00</b>					
<b>COIROS</b>	MELLORA REDE SANEAMENTO NA N-VI	95.771,02	2.546,69	98.317,71	161		95.771,02		
	<b>TOTAL</b>	<b>95.771,02</b>	<b>2.546,69</b>	<b>98.317,71</b>					
<b>CORCUBION</b>	OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS VÍAS PÚBLICAS	71.511,17	0,00	71.511,17	155	71.511,17			
<b>CURTIS</b>	<b>TOTAL</b>	<b>71.511,17</b>	<b>0,00</b>	<b>71.511,17</b>					
	PLAN DE MELLORADA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE CURTIS.	160.720,94	0,00	160.720,94	453			160.720,94	

	TERCEIRA FASE								
	<b>TOTAL</b>	<b>160.720,94</b>	<b>0,00</b>	<b>160.720,94</b>					
<b>DUMBRIA</b>	REPARACIÓN DA TRAVESIA DE ACCESO Á IGREXA DE BERDEOGAS	109.795,28	0,00	109.795,28	155	109.795,28			
	REPARACIÓN DO CAMIÑO DA XERPE A TRASUFE-LÍMITE CONCELLO E OUTROS	70.981,09	0,00	70.981,09	155	70.981,09			
	<b>TOTAL</b>	<b>180.776,37</b>	<b>0,00</b>	<b>180.776,37</b>					
<b>FRADES</b>	ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA DAS PARROQUIAS DE ABELLÁ, AIAZO, GALEGOS E MOAR.	48.387,37	0,00	48.387,37	453			48.387,37	
	ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA DAS PARROQUIAS DE CÉLTIGOS, VITRE, AÑÁ E LEDOIRA	48.593,61	0,00	48.593,61	453			48.593,61	
	ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA DAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, FRADES E MESOS	35.133,15	0,00	35.133,15	453			35.133,15	
	<b>TOTAL</b>	<b>132.114,13</b>	<b>0,00</b>	<b>132.114,13</b>					
<b>IRIXOA</b>	MELLORA DA PAVIMENTACION NAS PARROQUIAS DE AMBROA, IRIXOA, MANTARAS, VERIS, CHURIO, A VIÑA E CORUXOU	114.238,33	0,00	114.238,33	454				114.238,33
	<b>TOTAL</b>	<b>114.238,33</b>	<b>0,00</b>	<b>114.238,33</b>					
<b>LAXE</b>	PAVIMENTACIÓN DE CAMINOS NO CONCELLO DE LAXE : DE APRAZADOIRO A FUNDAR E OUTROS	102.573,95	0,00	102.573,95	454				102.573,95
	<b>TOTAL</b>	<b>102.573,95</b>	<b>0,00</b>	<b>102.573,95</b>					
<b>LOUSAME</b>	PAVIMENTACIÓN DE VÍA PÚBLICA NA MURALLA	31.709,48	0,00	31.709,48	453			31.709,48	
	REPARACIÓN ACCESO EN XESTOSO E OUTROS	37.667,64	0,00	37.667,64	155	37.667,64			
	REPARACIÓN CAMIÑO ESCABIA-ARDELEIROS E OUTRO	33.482,52	0,00	33.482,52	453			33.482,52	

	REPARACIÓN INTERIOR EN CRUÍDO E OUTROS	35.269,46	0,00	35.269,46	155	35.269,46		
	<b>TOTAL</b>	<b>138.129,10</b>	<b>0,00</b>	<b>138.129,10</b>				
<b>MAÑÓN</b>	REPARACIÓN ACCESO ENTORNO VIVENDAS SOCIAIS (O BARQUEIRO) E OUTROS	65.852,46	0,00	65.852,46	453			65.852,46
	REPARACIÓN CAMINO DE PRAZA DO MESÓN A ESTRADA FERROL-VIVEIRO (O BARQUEIRO) E OUTROS	66.333,13	0,00	66.333,13	453			66.333,13
	<b>TOTAL</b>	<b>132.185,59</b>	<b>0,00</b>	<b>132.185,59</b>				
<b>MAZARICOS</b>	MELLORAS NO AFIRMADO DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PAROQUIAS DE ANTES, CORZÓN E ALBORÉS	123.804,85	0,00	123.804,85	453			123.804,85
	MELLORAS NO AFIRMADO DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PAROQUIAS DE BEBA, COIRO, EIRÓN, MAROÑAS E CHACÍN	116.359,45	2.099,94	118.459,39	453			116.359,45
	<b>TOTAL</b>	<b>240.164,30</b>	<b>2.099,94</b>	<b>242.264,24</b>				
<b>MESIA</b>	REPARACIÓN CAMINO EN MEILÁN (OLAS) E OUTROS	47.564,88	0,00	47.564,88	453			47.564,88
	REPARACIÓN CAMINO NA AREOSA (MESÍA) E OUTROS	47.671,80	0,00	47.671,80	453			47.671,80
	REPARACIÓN CAMINO NA UCEIRA (BASCOI) E OUTROS	51.108,49	0,00	51.108,49	453			51.108,49
	<b>TOTAL</b>	<b>146.345,17</b>	<b>0,00</b>	<b>146.345,17</b>				
<b>PORTO DO SON</b>	MELLORA DE PISTAS NO CONCELLO DE PORTO DO SON. TRAMO NORTE	93.776,84	0,00	93.776,84	454			93.776,84
	MELLORA DE PISTAS NO CONCELLO DE PORTO DO SON. TRAMO SUR	91.072,82	0,00	91.072,82	454			91.072,82
	<b>TOTAL</b>	<b>184.849,66</b>	<b>0,00</b>	<b>184.849,66</b>				
<b>SAN SADURNIÑO</b>	REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "ENSANCHE E AGLOMERADO DO CAMIÑO DE BIDUEDA AÓ CHAO DE CAMPOLABRADO"	149.157,06	153,37	149.310,43	454			149.157,06

	<b>TOTAL</b>	<b>149.157,06</b>	<b>153,37</b>	<b>149.310,43</b>				
<b>SANTA COMBA</b>	PAV.V.P. CAMIÑO DA RIBEIRA, NO CARRO DA TELLA E OUTROS	85.579,56	0,00	85.579,56	454			85.579,56
	PAV. V.P. EN MONTOUTO, NA PEREIRA E OUTRO	63.974,21	0,00	63.974,21	454			63.974,21
	PV. V.P. EN SER, FREIXEIRO E OUTROS	76.206,91	0,00	76.206,91	454			76.206,91
	PAV.V.P.TRUEBE, NO XISTO E OUTROS	50.762,53	0,00	50.762,53	454			50.762,53
	<b>TOTAL</b>	<b>276.523,21</b>	<b>0,00</b>	<b>276.523,21</b>				
<b>SOBRADO</b>	ASFALTADO DE CAMIÑOS EN NOGUEIRA, CUMBRAOS E OUTROS	154.305,68	0,00	154.305,68	454			154.305,68
	<b>TOTAL</b>	<b>154.305,68</b>	<b>0,00</b>	<b>154.305,68</b>				
<b>TOQUES</b>	REPARACIÓN ACCESO A PARADELA E OUTROS	124.562,99	0,00	124.562,99	454			124.562,99
	<b>TOTAL</b>	<b>124.562,99</b>	<b>0,00</b>	<b>124.562,99</b>				

<b>ZAS</b>	AMPLIACION DA REDE DE ABASTECIMENTO AO LUGAR DE GOMARIS	26.892,68	3.236,30	30.128,98	161		26.892,68	
	MELLORA E AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE DO LUGAR DE S. CREMENZO DE PAZOS	<b>164.285,58</b>	<b>0,00</b>	<b>164.285,58</b>	161		164.285,58	
	<b>TOTAL</b>	<b>191.178,26</b>	<b>3.236,30</b>	<b>194.414,56</b>				

<b>TOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS 1ª FASE</b>	<b>3.901.823,50</b>	<b>47.821,36</b>	<b>3.949.644,86</b>
---	---------------------	------------------	---------------------

<b>740.731,19</b>	<b>411.163,88</b>	<b>1.495.522,85</b>	<b>1.254.405,58</b>
-------------------	-------------------	---------------------	---------------------

<b>TOTAL CONCELLOS</b>	<b>25</b>
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>46</b>



**PLAN DTC 93**

**Expediente de aprobación da modificación da 1ª fase da anualidade 2014 do DTC 93 "Unha deputación para todos os concellos"**

**ANEXO III: Plan Complementario**

<b>CONCELLO</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>AMES</b>	REPARACION CAMINO AGRO DO MUIÑO (ORTONO) E OUTROS	40.801,15	0,00	40.801,15
	REPARACION CAMINO CAPEANS A CAMINO DE COBAS E OUTROS	36.818,61	0,00	36.818,61
	REPARACION INTERIORES EN INSUA (AGRON) E OUTROS	32.222,72	0,00	32.222,72
	<b>TOTAL</b>	<b>109.842,48</b>	<b>0,00</b>	<b>109.842,48</b>
<b>CURTIS</b>	PLAN DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE CURTIS. CUARTA FASE	32.040,00	0,00	32.040,00
	<b>TOTAL</b>	<b>32.040,00</b>	<b>0,00</b>	<b>32.040,00</b>
<b>MESIA</b>	REPARACIÓN CAMINO DA BRAÑA A CRUCE VILAR (CABRUI) E OUTRO	37.207,69	0,00	37.207,69
	<b>TOTAL</b>	<b>37.207,69</b>	<b>0,00</b>	<b>37.207,69</b>
<b>PORTO DO SON</b>	ACONDICIONAMENTO DAS PISTAS DO CURRO E QUINTÁNS EN NEBRA	57.932,79	0,00	57.932,79
	<b>TOTAL</b>	<b>57.932,79</b>	<b>0,00</b>	<b>57.932,79</b>
<b>SANTA COMBA</b>	PAV. V.P. VILARQUEIMADO-SANTA SABIÑA	52.070,87	0,00	52.070,87
	<b>TOTAL</b>	<b>52.070,87</b>	<b>0,00</b>	<b>52.070,87</b>
<b>TOQUES</b>	REPARACIÓN CAMIÑO DE CRUCE TILLERÍA A GRELA (SOUTO) E OUTROS	33.465,70	0,00	33.465,70
	<b>TOTAL</b>	<b>33.465,70</b>	<b>0,00</b>	<b>33.465,70</b>
<b>TOTAL OBRAS PLAN COMPLEMENTARIO 1ª FASE</b>		<b>212.717,05</b>	<b>0,00</b>	<b>212.717,05</b>

<b>TOTAL CONCELLOS</b>	<b>6</b>
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>8</b>

**16.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE PISTA NO LUGAR DE LAMAS” DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO 14.2100.0141.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario.

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 28 de marzo de 2014 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Padrón que se indica na seguinte táboa:

Concello da obra	Código obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	Condicións a realizar
Padrón	14.2100.0141.0	Pavimentación e acondicionamento pista lugar de Lamas	33.830,56	0,00	33.830,56	Dar conta ao pleno do concello da aprobación do proxecto corrixido

Logo de aprobar o Concello de Padrón un proxecto modificado desta obra previos os correspondentes informes

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar a modificación do proxecto da obra "Pavimentación e condicionamento de pista no lugar de Lamas", do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0141.0 e cun orzamento de contrata de 33.830,56 €, cos datos que se indican a continuación, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración substancial do contido do proxecto nin unha variación da finalidade, pero si representa un cambio de trazado desta

Código da obra	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0141.0	Padrón	Pavimentación e acondicionamento pista lugar de Lamas	33.830,56	0,00	33.830,56

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 28 de marzo de 2014, e aprobala definitivamente, toda vez que o Concello de Padrón aprobou un proxecto modificado desta obra

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Padrón para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2014.”

**17.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO DE OUTEIRO (ARTES)”, DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2014, CO CÓDIGO 14.2101.0315.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación nº 25788, do 22 de decembro de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, de acordo coas Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo pleno da deputación na sesión realizada o 25 de outubro de 2013 e publicadas no BOP nº 206 do 29 de outubro de 2013

Logo de aprobar o Concello de Ribeira un proxecto modificado desta obra mediante a Resolución da Alcaldía do concello do 11 de maio de 2015, previos os correspondentes informes técnicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación entorno do cruceiro de Outeiro (Artes)”, do Concello de Ribeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, co código 14.2101.0315.0, cos datos que se indican, que non cambia a finalidade da obra pero si supón unha diminución do seu orzamento e implica unha alteración do trazado previsto no proxecto inicial

Concello	Código	Denominación	Axentes financiadores	FINANCIAMENTO		
				Inicial	Modificado	Diferenza
Ribeira	14.2101.0315.0	Pavimentación entorno do cruceiro de Outeiro (Artes)	Deputación	57.738,60	57.738,60	0,00
			Concello	49.958,28	0,00	-49.958,28
			Total	107.696,88	57.738,60	-49.958,28”

**18.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “CAMIÑO A GUIMARÁNS (CARCACÍA) E OUTRO”, DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0158.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

2Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 27 de febreiro de 2015 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Padrón que se indica na seguinte táboa:

Concello Código obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	Condición que se ha realizar
Padrón 15.2100.0158.0	Camiño a Guimaráns (Carcacía) e outro	41.434,14	0,00	41.434,14	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Logo de presentar o Concello de Padrón a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas así como un proxecto modificado con incremento de presuposto desta obra para dar cumprimento aos condicionantes impostos nesta autorización polo dito organismo

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 (BOP número 177, do 17 de setembro de 2014)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra "Camiño a Guimaráns (Carcacía) e outro", do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0158.0, que aínda que non altera o obxecto nin a finalidade da obra, implica un incremento no seu orzamento, incremento que é asumido integramente polo Concello de Padrón, tal e como se indica no seguinte cadro:

Axentes cofinanciadores	Presuposto contrata Proxecto inicial	Presuposto contrata Proxecto modificado	DIFERENZA
<b>Deputación</b>	41.434,14	41.434,14	0,00
<b>Concello</b>	0,00	596,92	596,92
<b>TOTAL</b>	<b>41.434,14</b>	<b>42.031,06</b>	<b>596,92</b>

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 27 de febreiro de 2015, e aprobala definitivamente, toda vez que o Concello de Padrón presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Padrón para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2015."

**19.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPARACIÓN CAMIÑO INTERIOR DE VIGO E OUTROS”, DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (CÓDIGO 2014.3280.0078.0).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada “*Reparación camiño interior en Vigo e outros*” (código 14.3280.0078.0), incluída na 2ª fase-derradeira da anualidade 2014 do PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, que foi aprobada na sesión plenaria provincial realizada o día 30 de xullo de 2014, en relación coa Resolución de Presidencia da Deputación número 17850, do 12/09/2014, cun orzamento de contrata de 51.034,33 euros, dado que non representa unha variación do orzamento total da obra respecto ao do seu proxecto técnico inicial, nin varía a súa finalidade, aínda que introduce algunhas variacións nas actuacións que alteran internamente o seu contido.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
DODRO	14.3280.0078.0	Reparación camiño interior de Vigo e outros”	51.034,33	0,00	51.034,33

**20.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “MANTEMENTO E REPARACIÓN NA RÚA RÍO EUME E OUTRAS”, DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (CÓDIGO 2014.3280.0139.0).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada “Mantemento e reparación na Rúa Río Eume e outras” (código 14.3280.0139.0), incluída na 2ª fase-derradeira da anualidade 2014 do PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, que foi aprobada na sesión plenaria provincial realizada o día 30 de xullo de 2014, en relación coa Resolución de Presidencia da Deputación número 17850, do 12/09/2014, cun orzamento de contrata de 77.879,96 euros, dado que non representa unha variación do orzamento total da obra respecto ao do seu proxecto técnico inicial, nin varía a súa finalidade, aínda que introduce algunhas variacións nas actuacións que alteran internamente o seu contido.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
OLEIROS	14.3280.0139.0	Mantemento e reparación en rúa río Eume e outras”	55.236,23	22.643,73	77.879,96

**21.-DAR CONTA DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIA A CORUÑA (FAEPAC) CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento da aprobación do orzamento da Fundación Axencia Enerxética provincia A Coruña correspondente ao exercicio 2015.”

**22.-DAR CONTA DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento da aprobación da conta xeral do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2014, que está en trámite de aprobación polos órganos competentes do Consorcio provincial.”

**23.-DAR CONTA DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIA A CORUÑA (FAEPAC) CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento da aprobación da conta xeral da Fundación Axencia Enerxética provincia A Coruña correspondente ao exercicio 2014.”

**24.-INFORME SOBRE A RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS, ART. 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Neste punto infórmase sobre o informe emitido por Intervención con respecto aos expedientes de gastos que foron obxecto de reparacións ou algún tipo de observación por parte de Intervención. Ponse de manifesto sete motivos: motivo número un que fai referencia aos procedementos negociados sen publicidade, que efectivamente diminuíuse notablemente neste exercicio, pero non así nos anteriores; no motivo número dous faise referencia ao reparto da produtividade na área tributaria sen a correspondente e preceptiva fiscalización; o motivo número tres fai referencia ao pago de facturas correspondentes a servizos prestados ou subministrados, recibidos fóra do período de vixencia dos referidos contratos; o motivo número catro fai referencia ao pago de facturas correspondentes a subministracións consumidas en inmobles cedidos a terceiros; o motivo número cinco fai referencia á concesión de subvencións nominativas sen acreditarse no expediente a excepcionalidade nin as razóns de interese público, social, económico ou humanitario e outras debidamente xustificadas, ao non acreditarse este punto fixéronse observacións ou reparos a trescentos doce expedientes de gasto; o motivo número seis fai referencia a dous expedientes en que se realizou a contratación do gasto prescindindo totalmente do procedemento legalmente establecido, son pequenas cuestións que afectan a unha tala de árbores e retirada das árbores e a unhas compras de subministración e colocación de barreiras de seguridade, por importe de 14.000 euros e 2.400, son anecdóticos, e posiblemente responderan a temas de necesidade; e o motivo número sete que fai referencia á

adquisición de trofeos e medallas deportivas sobrepasando o importe do gasto autorizado.

En todos estes reparos algúns hai que facelos, non teñen gran incidencia, como o tema da tala das árbores por 14.000 euros ou o tema de que se paguen facturas sen que se renovaran os contratos de subministración, que é imputable a problemas que hai nas áreas xestoras, pero si hai o informe de Intervención, ademais de poñer de manifesto estas observacións, fai unha serie de recomendacións que nos parecen extremadamente acertadas. A primeira observación que fai, ou a primeira recomendación que fai é con respecto ás anomalías postas de manifesto no tema das subvencións nominativas, e propón varias actuacións que ao seu xuízo deberían de adoptarse e que o Grupo Socialista comparte ao cen por cento, que é, en primeiro lugar a necesidade de facer unha planificación estratéxica da actividade de fomento, pode facerse, en segundo lugar a necesidade dunha axeitada e eficaz coordinación coas outras administracións, fundamentalmente a Comunidade Autónoma e os municipios para decidir delimitar o ámbito de actuación de cada unha delas, pode facerse aínda que non depende só da nosa vontade, depende da vontade dos concellos e da Comunidade Autónoma, e en terceiro lugar, con respecto ás subvencións, fala da necesidade e da obrigatoriedade de que os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, rexan na concesión de subvencións nominativas, isto tamén pode facerse porque é vontade propia da dirección política desta casa.

A segunda recomendación que fai é ás unidades xestoras de gasto para que planifiquen adecuadamente a xestión do gasto, de maneira que ningunha prestación e a súa conseguinte facturación se leve a cabo sen a preceptiva cobertura contractual. Certamente son poucos temas, case anecdóticos, e que son comprensibles, é un tema que está renegociando a prórroga dun contrato de subministracións, e vencen as facturas e hai que pagalas.

E a terceira recomendación recomenda a utilización xeneralizada do procedemento aberto para a adxudicación dos contratos, practicamente xa se está facendo e tamén recordo que a reforma da Lei de contratos da administración do Estado que se está tramitando actualmente suprime xa o procedemento negociado por razón da contía económica, ata agora pódese adxudicar por procedemento negociado ata 200.000 euros sen incluír o IVE, a nova lei probablemente suprima isto. Ben, no informe do presidente no que se comenta o informe da Intervención, pon de manifesto o presidente a conformidade coas recomendacións que efectúa Intervención, fala de que se pode elaborar un Plan estratéxico de subvencións, cousa que compartimos, e puxémolo de manifesto moitas veces neste Pleno nos últimos catro anos, e que se redacten convocatorias específicas, tal e como recomenda o informe, e fala de que, sen renunciar á posibilidade legal de tramitar contratacións polo procedemento negociado sen publicidade, a regra xeral volva ser o procedemento aberto. Isto xa digo que queda solucionado coa lei.

Dalgunha forma o informe da Presidencia fai súas estas recomendacións, e proponnos que aprobemos unha parte dispositiva que compartimos case ao cen por cento, que temos unha pequena matización que farei ao final, proponnos que tomemos coñecemento deste informe, obviamente tomamos coñecemento deste informe, proponnos que este informe se mande ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, obviamente estamos de acordo se se ten que facer, e o terceiro punto,

onde temos unha lixeira discrepancia, di “Tomar en consideración as propostas formuladas pola Intervención provincial na medida na que a súa aplicación práctica sexa plenamente compatible en cada expediente coa eficacia e a máis inmediata satisfacción do interese público”. A nós gustaríanos que este punto terceiro tivese un punto e final, que fose tomar en consideración as propostas formuladas pola Intervención provincial, punto e final, porque as recomendacións que fai a Intervención provincial son esixencias legais e non afectan nin na eficacia na prestación do servizo, nin afectan á debida satisfacción do interese público.

Eu esta intervención pensaba facela antes do día 24 de maio e entendía que era de cara ao futuro, porque o ano 2015 xa nada se pode facer, pero no futuro si nos viría ben esta recomendación de ter en conta a planificación, a coordinación coas outras administracións, e ter en conta os criterios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación na concesión de subvencións nominativas.

Non sei se vai haber un novo goberno ou non vai haber un novo goberno, en todo caso eu quero expresar aquí, deixar expresa a opinión do Grupo Socialista, de que si iso debería de facerse a favor dunha maior transparencia, a favor dunha maior axilidade na Deputación provincial. En calquera caso eu tampouco estarei aquí como deputado, pero se alguén me pide a miña opinión, a miña opinión será a que expreso hoxe neste Pleno. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Por min non hai ningún problema por poñer o punto antes, creo que vai no mesmo sentido e non se buscaba nada en absoluto.

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a documentación que conteñen os informes da Intervención provincial, emitidos co carácter de “reparos”, de conformidade co disposto nos artigos 215 e 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (que forma parte da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2014, en cumprimento do establecido no apartado 4 da Base 33 de Execución do Orzamento Provincial).

Tomado en consideración o informe da Presidencia no que se xustifican as resolucións emitidas e os acordos adoptados para resolver as discrepancias formuladas pola Intervención provincial en determinados expedientes tramitados ao longo do exercicio 2014.

Para dar cumprimento ao que determina o artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a dito precepto pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes emitidos pola Intervención provincial nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.



**SEGUNDO:** Determinar que se proceda á remisión do citado expediente nos termos expresados nas normas de aplicación.

**TERCEIRO:** Tomar en consideración as propostas formuladas pola Intervención provincial.”

**25.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31.03.2015 E PROXECCIÓN A 31.12.2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/03/2015 e proxección a 31/12/2015.”

**26.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 30.04.2015 E PROXECCIÓN A 31.12.2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/04/2015 e proxección a 31/12/2015.”

**27.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de marzo de 2015.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.”

**28.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de abril de 2015.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.”

**29.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2015 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- “1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

**30.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro relativa á execución no primeiro trimestre do 2015 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, así como do estado consolidado.

**SEGUNDO:** Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.”

**31.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DO CONSORCIO PROVINCIAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E DO ESTADO CONSOLIDADO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro relativa á liquidación do presuposto do exercicio 2014 da Deputación

provincial, do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e do estado consolidado.

**SEGUNDO:** Poñer a disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.”

### **32.-FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2013.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e a de recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2013, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 33.2 das Bases de execución do Presuposto para o exercicio 2013 e da Resolución da Presidencia núm. 4.214 do 6 de marzo de 2012 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2012), pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.”

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.